



CONCELLO DE PORTAS

Expediente núm.: 504/2024

Providencia de Alcaldía

Procedemento: Contratacións_Contratacións de obras por procedemento aberto simplificado sumario

Asunto: Contratación da obra "MELLORA DO CAMIÑO DE PORTA DE CONDE A OUTEIRIÑO".

Trámite: Incoación do procedemento de contratación

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

1. Obxecto do contrato

Execución da OBRA: Proxecto de MELLORA DE CAMIÑO DE PORTA DE CONDE A OUTEIRIÑO" redactado pola Arquitecta técnica D^a Fuensanta Barcala Martínez por importe de 70.122,07€ (IVE incluído), aprobado mediante Decreto nº 2024-0064 de 26/02/2024.

2. Necesidades a satisfacer

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2.d) que *"o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade"*

No mesmo senso, o artigo 80.2.d) da LALGA recoñece competencias aos municipios na conservación de camiños e vías rurais que comprende, entre outros, o de defensa e obriga de conservar e mantelos en bo estado.

O artigo 26 da citada LBRL establece que *"1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: a) En todos os Municipios: .../... acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas"*.

As obrigacións que teñen atribuídas as entidades locais en materia de seguridade nas vías públicas foron postas de relevo de forma constante na xurisprudencia relacionada coa responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas (a título de exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo de 10 novembro de 1994).

Na normativa sectorial, e deste xeito no art. 9º da LCG dispón que: *"1. A titularidade das estradas obxecto da presente lei correspóndelles á Comunidade Autónoma ou ás entidades locais de Galicia.2. A administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a presente lei."*

A súa vez, o Decreto 66/2016, no seu artigo 16.2, recoñece que *"A Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a lexislación de estradas de Galicia (artigo 9.2 LCG) e este regulamento "*,

Polo que en, base ao obxecto do proxecto e das competencias dos municipios, é necesario acondicionar e mellorar o pavimento do vial por atoparse en mal estado e mellorar a accesibilidade ás parcelas agrícolas, e dado que foi un proxecto aprobado para incorporalo ao Plan Marco 2024-2025, é necesario licitar a contratación de ditas obras.





CONCELLO DE PORTAS

3. Características del contrato

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA
Obxecto do contrato: Execución da obra contemplada no Proxecto de <i>MELLORA DE CAMIÑO DE PORTA DE CONDE A OUTEIRIÑO</i> redactado pola Arquitecta técnica D ^a Fuensanta Barcala Martínez por importe de 70.122,07€ (IVE incluído), aprobado mediante Decreto nº 2024-0064 de 26/02/2024
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO
Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45233222-1. Trabajos de pavimentación y asfaltado
Prazo obra: DOUS (2) MESES
Valor estimado: 57.952,12€
IVE: 12.169,95€
Orzamento base de licitación IVE excluído: 57.952,12 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 70.122,07€

O desglose do orzamento contido no proxecto é o seguinte:

RESUMO DO ORZAMENTO

CAPITULO	RESUMO	EUROS	%
01	CAMIÑO PORTA DO CONDE OUTEIRIÑO	47.677,50	97,90
02	XESTIÓN DE RESIDUOS	510,09	1,05
03	SEGURIDADE E SAÚDE.....	511,67	1,05
TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL		48.699,26	
	13,00% Gastos xerais	6.330,90	
	6,00% Beneficios industriais	2.921,96	
	SUMA DE G.X. e B.I.	9.252,86	
TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		57.952,12	
	21,00% I.V.E.....	12.169,95	
TOTAL ORZAMENTO BASE LICITACIÓN CON IVE		70.122,07	
TOTAL ORZAMENTO XERAL		70.122,07	

Asocende o orzamento xeral á expresada cantidade de SETENTA MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS con SETE CÉNTIMOS.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014





CONCELLO DE PORTAS

En base ao anterior, e no exercizo das atribucións recoñecidas no art. 21.1. da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, pola presente dispoño o seguinte:

1º. Incoar procedemento de contratación administrativa da obra contida no proxecto denominado Proxecto de MELLORA DE CAMIÑO DE PORTA DE CONDE A OUTEIRIÑO” redactado pola Arquitecta técnica D^a Fuensanta Barcala Martínez por importe de 70.122,07€ (IVE incluído), aprobado mediante Decreto nº 2024-0064 de 26/02/2024.

2º.- Ordenar a incorporación ao expediente que se incoa dos seguintes documentos:

- **Proxecto** denominado “MELLORA DO CAMIÑO DE PORTA DO CONDE A OUTEIRIÑO” redactado e asinado por D^a Fuensanta Barcala Martínez, arquitecta técnica colexida nº PR_779 e aprobado mediante Decreto nº 2024-0064 de 26/02/2024
- Acta de **replanteo previo** do proxecto asinada en data 26 de febreiro de 2024 pola arquitecta técnica municipal Carolina Couselo Fariña.
- **Autorización previa de obras en zona de concentración parcelaria**, da Consellería de medio rural, emitida en data 13 de marzo 2024, pola Xefa do servizo de infraestruturas agrarias.
- **Autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra** emitida en data 01 de abril de 2024.
- **Autorización sectorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, por Delegación da Dirección Xeral do Patrimonio cultural, emitida en data 16/04/2024.
- **Autorización sectorial de Augas de Galicia**, emitida en data 24/06/2024.
- Informe da arquitecta do concello de data 26 de febreiro de 2024 sobre o proxecto.

3º.- Incorporados os documentos relacionados, ordease a emisión de documento contable de retención de crédito.

Completadas as actuacións anteriores, e emitida a preceptiva memoria xustificativa da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e da análise técnico e económico do contrato (art. 28, 116.3 da LCSP e 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira) e os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares, procederá a emisión dos informes preceptivos da Secretaria do concello e da Interventora municipal en cumprimento do preceptuado nos apartados 3º e 8º da Disposición adicional 3ª da citada norma.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

